



# Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4  
27836, Muras (Lugo)  
Tfno: 982-500001/12  
Fax: 982-500063

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA O 23 DE FEBREIRO DE 2017.

Concelleiros asistentes:

Dña. Belén Chao Ramil  
D. Carlos Carballés Penabad.  
D. Mario Rouco Rey  
D. José Danilo Requeijo Castro  
Dña. Rosario Celia Rey López

No salón de sesións da Casa do Concello de Muras, sendo as vinte horas do día vinte e tres de febreiro de dous mil dezasete, en primeira convocatoria e baixo a presidencia da Sr. Alcalde Manuel Requeijo Arnejo, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados á marxe e do Secretario en acumulación Antonio López Vila, reúñese o Pleno da Corporación en sesión extraordinaria segundo a convocatoria remitida ao efecto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, a Presidencia declara aberta e pública a sesión, pasando a tratar os asuntos que figuran na Orde do Día. Non asiste o concelleiro D.José Pajón Pita.

## PARTE RESOLUTIVA.

1. APROBACIÓN SE PROCEDE DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES. Dáse conta das actas de sesións anteriores realizadas os días 27 de outubro, 9 de novembro e 1 de decembro de 2016, das cales entregouse copia coa convocatoria a tódolos concelleiros; o Sr.Presidente pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación, tomando a palabra o voceiro do grupo popular incide na postura do seu grupo sobre as axudas a estudos en relación coa moción que presentaran en febreiro, despois do cal o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos seis membros presentes de sete que o compoñen, acorda aproba-las referidas actas.

2.-ORZAMENTO MUNICIPAL PARA 2017. Dada conta do proxecto de orzamento municipal para o exercicio de 2017 formado polo Sr.Alcalde-Presidente deste Concello, así como, do expediente tramitado para a súa aprobación, e documentación anexa, cadro de persoal coa relación de postos de traballo para dito exercicio, informe de Intervención e ditame favorable da Comisión de Facenda.

Visto os requisitos que establecen os artigos 165, 166, 168 e concordantes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo BNG: o Sr.Alcalde da conta das principais actuación previstas no orzamento para 2017 polo equipo de goberno, indicando que tamén procuraron incluír propostas do grupo popular; destaca que o orzamento de gastos ascende a 1.733.050 euros, facendo referencia as previsións de cada capítulo, así o capítulo I de persoal importa 431.358,00 euros, no capítulo II inclúense gastos de bens correntes e servizos, conservación e mantemento edificios, de infraestruturas, maquinaria, recollida e tratamiento lixo, axuda no fogar, etc, por importe de 931.200 euros; o capítulo IV recolle axudas para emprego, emerxencia, estudos, gastos factura eléctrica, ANPA e outras asociacións por un total de 193.100,00 euros; e no capítulo VII inclúense actuacións de investimentos en medio ambiente, vías municipais, saneamento e abastecemento, mellora rural, por importe de 177.392,00 euros; tratan de atender as distintas sensibilidades, con actuacións que van dirixidas ao conxunto da poboación, re recorda o ditame favorable da Comisión de Facenda.



# Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4  
27836, Muras (Lugo)  
Tfno: 982-500001/12  
Fax: 982-500063

Polo grupo Popular: o voceiro Jose Danilo Requeijo Castro pregunta pola traída de auga a Musdradas.

O Sr. Alcalde indica que o orzamento non da para ese investimento, no momento que haxa financiamento farase, o depósito está en Penabril con 3.000 litros e estase intentando corrixir.

Polo grupo Mixto: o concelleiro do PSdG-PSOE Mario Rouco Rey, en comparación co orzamento anterior, alude ao incremento en gasto para educación, terceira idade, actividades xuvenís e servizos sociais, recorda que os orzamentos son públicos e están a disposición dos veciños, a transparencia é unha das propostas deste goberno; en canto a investimentos sinala que hai previstas actuacións para regularización de tódalas traídas de auga con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental (FCA), así como outras infraestruturas, paseo da beira do río, acondicionamento do chiringuito, e tamén a auga de Musdradas.

O Sr. Requeijo Castro en relación coa auga de Musdradas opina que sería máis fácil desde Irixoa, e pregunta porque non se pode unir a de Tras do Monte coa de Frean.

O Sr. Rouco Rey indica que primeiro hai que facer a regularización, corrixir deficiencias, faltan moitas cousas, os técnicos cando foron mirar para facer o proxecto estudaron as caídas e a presión e a posibilidade de meter bombas.

O Sr. Alcalde considera que o Concello ten sesenta quilómetros con carencias, si sumamos co mantemento acaba disparándose o custo, reitera que os investimentos do FCA están pendentes de aprobación e non van neste orzamento.

Debatido o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos seis membros presentes dos sete que o compoñen, acorda:

1º.-Aprobar inicialmente o orzamento municipal para o exercicio 2017, con un importe total tanto en gastos coma en ingresos de un millón setecentos setenta e tres mil cincuenta euros (1.733.050,00 euros) co seguinte resumo por capítulos:

## ESTADO DE GASTOS:

| Capítulo | Denominación,                              | Consignación |
|----------|--|--------------|
|          | 1. Operacións non financeiras              |              |
|          | 1.1 Operacións correntes                   |              |
| 1        | Gastos de persoal                          | 431.358,00   |
| 2        | Gastos en bens correntes e servizos        | 931.200,00   |
| 3        | Gastos financeiros                         | 0,00         |
| 4        | Transferencias correntes                   | 193.100,00   |
| 5        | Fondo de continxencia e outros imprevistos | 0,00         |
|          | Total operacións correntes                 | 1.555.658,00 |
|          | 1.2 Operacións de capital                  |              |
| 6        | Investimentos reais                        | 177.392,00   |
| 7        | Transferencias de capital                  | 0,00         |
|          | Total operacións de capital                | 177.392,00   |
|          | 2. Operacións financeiras                  |              |
| 8        | Activos financeiros                        | 0,00         |
| 9        | Pasivos financeiros                        | 0,00         |
|          | Total orzamento de gastos                  | 1.733.050,00 |



# Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4  
27836, Muras (Lugo)  
Tfno: 982-500001/12  
Fax: 982-500063

## ESTADO DE INGRESOS:

| Capítulo | Denominación                      | Consignación |
|----------|-----------------------------------|--------------|
|          | 1. Operacións non financeiras     |              |
|          | 1.1. Operacións correntes         |              |
| 1        | Impostos directos                 | 1.076.000,00 |
| 2        | Impostos indirectos               | 7.000,00     |
| 3        | Taxes e outros ingresos           | 130.400,00   |
| 4        | Transferencias correntes          | 516.250,00   |
| 5        | Ingresos patrimoniais             | 2.100,00     |
|          | Total operacións correntes        | 1.731.750,00 |
|          | 1.2 Operacións de capital         |              |
| 6        | Alleamento de investimentos reais | 00,00        |
| 7        | Transferencias de capital         | 1.300,00     |
|          | Total operacións de capital       | 1.300,00     |
|          | 2. Operacións financeiras         |              |
| 8        | Activos financeiros               | 00,00        |
| 9        | Pasivos financeiros               | 0,00         |
|          | Total orzamento de ingresos       | 1.733.050,00 |

2º.-Aproba-las bases de execución do mencionado orzamento.

3º.-Aproba-lo cadro de persoal para 2017 coa relación de postos de traballo de persoal funcionario e laboral, segundo a RPT aprobada en data 31 de decembro de 2015.

4º.-Someter a información pública o orzamento aprobado polo prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, segundo dispón o artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

5º.-No suposto de non presentarse reclamacións contra o devandito orzamento e cadro de persoal, consideraranse definitivamente aprobados debendo cumplirse o trámite da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, do resumo por capítulos xunto co cadro de persoal, de acordo co disposto nos artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril e 169.3 do citado Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

6º.-Remitir copia do orzamento mencionado á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ. A continuación dáse conta da proposta da Alcaldía para nomear representante da Corporación na Asociación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá ao concelleiro D. Mario Rouco Rey, tendo en conta que nestes momentos o traballo da Alcaldía impídelle atender a tódalas reunións que debe asistir.

O Pleno da Corporación co voto a favor dos seis membros presentes de sete que o componen, acorda nomear ao concelleiro D. Mario Rouco Rey como representante do Concello de Muras na Asociación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Cha.

4.- CREACIÓN DA AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL. Toma a palabra o Sr. Alcalde para manifestar que dentro do organigrama do Concello unha das propostas é a creación do grupo de voluntarios de protección civil, en calquera dos grandes eventos que se celebran no concello, feira do poldro, feira do mel, etc, temos a colaboración dunha agrupación de



# Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4  
27836, Muras (Lugo)  
Tfno: 982-500001/12  
Fax: 982-500063

voluntarios de protección civil que nos ceden outros concellos, entende é unha carencia que ten o concello de Muras e ademais podería ter outras funcións no caso de emergencias como inclemencias meteorolóxicas.

Polo grupo Popular, o voceiro Xosé Danilo Requeijo Castro está de acordo coa creación desta agrupación, e non ter que andar ao prestado de outros concellos.

O concelleiro do PSdG-PSOE Mario Rouco Rey fala de xestións realizadas para a creación da agrupación, considera que é unha boa idea a súa creación, terá funcións importantes na seguridade cidadán, é importante a existencia destas persoas para colaborar en emergencias ademais de eventos que organiza o Concello, ademais tamén pode haber convenios con outros concellos.

Debatido o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos seis membros presentes de sete que o compoñen, acorda a creación da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do concello de Muras.

**5.- CREACIÓN DO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS.** O Sr. Alcalde da conta da falta dun rexistro municipal de asociacións do concello de Muras, non hai constancia das existentes e cara a posible colaboración e axudas considérase conveniente a creación deste rexistro, a tal efecto fai referencia as disposicións recollidas nos artigos 232 a 236 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en especial a documentación a achegar polas asociacións para a súa inscrición, se estivo concedendo axudas a asociacións das que non hai datos no Concello.

O concelleiro do PSdG-Mario Rouco Rey tamén fai referencia a falta de datos de asociacións municipais, non solo da existencias senón tamén de actividades, é importante a existencia de rexistro para conceder axudas e as actividades que realizan de cara a colaboración e participación nas actividades de interese xeral para a veciñanza.

Debatido o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos seis membros presentes de sete que o compoñen, acorda a creación do Rexistro Municipal de Asociación do concello de Muras, que se rexerá polo disposto nos artigos 232 a 236 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

**6. ASUNTOS NON INCLUÍDOS NA ORDE DO DÍA.** Antes pasar a parte de control de órganos da Corporación, o Sr. Alcalde da conta da proposta urgente de apoio a ANPA do colexiante Cal Vázquez de Muras, para a súa inclusión na orde do Día. O Pleno da Corporación co voto a favor dos seis membros presentes dos sete que o compoñen, acorda declarar urgente dita proposta e a súa inclusión na orde do día.

**APOIO A ANPA ANTÍA CAL VAZQUEZ DE MURAS PARA A REIVINDICACIÓN DUN PROFESOR ESPECIALISTA ANTE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA.** A concelleira delegada Belén Chao Ramil informa que este ano no colexiante de Muras matriculouse un neno de tres anos, xa supón un problema que haxa unha sola profesora para infantil e primaria porque teñen necesidades distintas, para ademais este neno presenta atraso na linguaxe o que representa unha dificultade engadida; desde a ANPA solicitouse a Xunta un profesor especialista e despois duns tres meses e por teléfono dixerón que non podían facer nada, pola ANPA presentáronse certificados da orientadora, profesora, e médicos, desde a Xunta ían avaliar a situación por expertos que nunca viñeron, despois dunha reunión na inspección coa ANPA e representantes do Concello, a resposta no pasado mes foi negativa; considera a concelleira que é un dereito deste menor cunha necesidade especial a dispoñer dun profesor especializado, probablemente se fose nun colexiante de Lugo ou Coruña non tivese problema, en Muras solo incrementan a hora os mércores, por elo traen



# Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4  
27836, Muras (Lugo)  
Tfno: 982-500001/12  
Fax: 982-500063

esta proposta de apoio a ANPA do CEIP Antía Cal Vázquez na súa reivindicación dun profesor especialista de apoio ante a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, a opción que dan é que este neno pode ir a Xermade ou a Vilalba.

O Sr. Alcalde considera desde o grupo de goberno que non deben calar, xa lle insinuaron que foran a Xermade, poñerán todo o esforzo en que os nenos de Muras teñan a calidade de ensino que merecen, na reunión co inspector e o xefe de Educación en Lugo, ante a reticencia, o Concello estaba disposto a asumir o custo dun profesional, mais á vista da política da Xunta co rural, os feitos demostran o contrario do que din.

O voceiro do grupo Popular Xosé Danilo Requeijo Castro está de acordo en que o neno de Muras ten os mesmo ou mais dereitos que o de Lugo ou Madrid, ten que ter para atender as necesidades deste neno.

O concelleiro do PSdG-PSOE Mario Rouco Rey indica que hai un problema e xa está ben, un problema grave onde o color político queda ao lado, xa falaron con superiores para levalo ao Parlamento, fixose o PAI como querían eles e van case cinco meses dando voltas e esperando por papel, o agravante é que queren que vaia a Xermade, poñer nos cartos para este profesor non queren, por elo hai que decir que xa basta.

Debatido o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos seis membros presentes de sete que o compoñen, acorda o apoio a ANPA do CEIP Antía Cal Vázquez na súa reivindicación dun profesor especialista de apoio ante a Consellería de Educación da Xunta de Galicia

## PARTE DE CONTROL ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

### 7.- INFORMES DA PRESIDENCIA.

- a) Resolucións da Alcaldía. Dáse conta das resolucións da Alcaldía ditadas desde o 24 de outubro de 2016 ata o 21 de febreiro de 2017.
  - b) Informe PMP-Morosidade remitido a S.Gral de Coordinación Autonómica y Local 3T 2016.
  - c) Execución trimestral 3ºT 2016, remitido a S.Gral de Coordinación Autonómica e Local.
  - d) Informes Alcaldía.
- Toma a palabra o Sr. Alcalde para informar das actuacións incluídas na solicitude de subvención do Fondo de Compensación Ambiental 2017.

Levar a luz pública a tódolos núcleos rurais.

Adquisición de desbrozadora de solo

Proxecto para o punto limpo

Proxecto drenaxe de pluviais

Proxecto de regularización de augas, a única traída legalizada era a de Muras, o resto non sabe titular, nin cesión, é algo que ten que ser público, hai 9 traídas e 8 non están legalizadas. A demanda de Musdradas é importante pero están mellor cos pozos, de todos modos non hai persoas empadroadas.

Proxecto para contratar un técnico e dez peóns medio ambientais.

Proxecto de creación de área de natureza a ubicar no antigo chiringuito para poñer en valor o medio natural que hai en Muras.

- O concelleiro delegado de Medio Rural manifesta que comenzaron coas actuacións hai un ano con este FCA, moitas son continuidade, non había cunetas e logo veñen consecuencias como en Invernés, hai que contratar o punto limpo porque o que hai non é tal, o da luz pública non era pública, da legalización de augas xa se falou, en Musdradas e Abidueira había proxectos anteriores



# Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4  
27836, Muras (Lugo)  
Tfno: 982-500001/12  
Fax: 982-500063

pero non se realizaron, é necesario a contratación de persoal para desbroces porque hai moitos camiños, o chiringuito vaise abrir pero en vinte e catro anos non lle tocaron en conservación e houbo que iniciar proxecto novo.

O Sr. Requeijo Castro indica que no relativo a limpeza de cunetas si se contrata a unha empresa hai que limpar tamén os tubos, os da Deputación limpan os tubos; en canto a auga de Muras recorda que se pagou dous millóns en nas outras non se pagou.

O Sr. Alcalde indica que nas execucións dos fondos nunca veu unhas inspeccións tan detalladas, sorpréndelle que na Aldea non comprobaran que faltaba autorización da Xunta, en canto a limpeza de tubos cando se contrata a limpeza de cunetas inclúese a limpeza dos tubos.

A concelleira Sra. Chao Ramil fala das inspeccións na auga de abastecemento de Muras, déuselle o rexistro pero non lles vale porque en Chao de Currás non hai clorímetro, non actuaron outros anos pero que en algún momento hai que empezar.

O Sr. Rouco Rey con respecto a auga, indica que en Carelle fixo o furado unha persoa sen coñecementos, as persoas con tarefas administrativas dedicábanse a maquinaria; en canto a limpeza de cunetas hai que ter en conta a caída da folla, a Deputación limpou máis de catorce quilómetros, ven o temporal e vólvese atascar, alude tamén as bonificacións do IBI que quedaron definitivamente aprobadas e axudas a educación.

O Sr. Alcalde sinala que a proposta do grupo de goberno foi axudas ao estudo que teñen as mesmas conclusións que o do IBI e a natalidade do grupo popular, incluso no IBI recollerón algunha das súas propostas, pero é un contra sentido que en 24 anos non propuxeran nada, esas medidas entraran en vigor en 2018.

O Sr. Requeijo Castro di que pediron o coeficiente do 03,3 e a bonificación no 95%, tamén recorda as axudas que pediran na súa moción para estudos, o único que lle sacaron foi a axuda de nacemento o resto foi igual. En canto a reparación da Deputación, bótase gravilla e hai un perigo durante dous meses, hai que esixirlle melloren iso.

O Sr. Alcalde contesta que solicitouse a reparación urxente, noutros sitios sen urxencia non quedou mal.

O Sr. Requeijo sinala que primeiro taparon con urxencia, non votaron aglomerado, agora xa está pero para os próximos que o fagan ben.

O Sr. Alcalde manifesta non hai problema en comunicarollo.

O Sr. Rouco Rey considera que non ten escusa, pero o fixeron así desde sempre, está prevista a reparación máis a fondo.

## 8. ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo intervencións.

Non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia levanta a sesión sendo ás vinte e unha horas e vinte minutos, da cal estendo a presente acta e como Secretario dou fe.

Vº e Prace,

O Alcalde,

O Secretario,

